



PORTOS DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2011 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

I.1.1. *DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN*

Durante o último exercicio, Portos de Galicia centrou a meirande parte dos seus esforzos na construción das infraestruturas portuarias para a consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e buscando unha economía máis competitiva nos difíciles momentos que se están a dar dende o punto de vista do comercio e da actividade marítima en xeral.

É por iso, ademais de afrontar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, estanse a iniciar estratexias de crecemento, aumentando a capacidade competitiva a través do aumento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais, do uso selectivo dos investimentos, así como da implantación de novas tecnoloxías e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible.

A previsión dos tráficcos comerciais e pesqueiros espera unha lixeira recuperación da actividade que redundará nunha revisión dos ingresos por taxas en determinados tráficcos, fundamentalmente relacionados con materias primas e coa pesca fresca. Xa que, os tráficcos pesqueiros aínda que se manteñan nuns límites razoables en canto a capturas, o seu valor en lonxa está a recuperarse lentamente.

No que se refire á náutica deportiva está a sufrir a actual crise económica. Hai que ter en conta que este é un dos que primeiro entran en recesión e dos últimos que saen. Portos de Galicia espera para os próximos anos un mellor desenvolvemento na xestión do dominio público portuario que favoreza a participación da iniciativa privada en ámbitos razoables para a rendibilidade da explotación das instalacións.

Este escenario fixo que Portos de Galicia intente afrontar unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia a través de catro liñas estratéxicas de actuación desenvolvidas para o exercicio 2010 e cuio resultado anima a profundizar nelas. Estas son: crecemento, sostibilidade, eficiencia e I+D+i. Todo elo favorecendo a actividade a un custo dos servizos máis axustados sin perxudicar a calidade dos mesmos.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural, incrementar os produtos e/ou servizos de valor de xeito sostible.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendido como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase en:

- Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co lecer e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.
- Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementaridades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
- A transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca en plataforma intermodal que posibilita a localización de novos procesos que permitan aumentar o valor engadido das mercadorías e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, fomentando entre outros aspectos a xeración de solo loxístico.
- Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sostibilidade, actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar, a través da comunicación deste proceso, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente, adoptando medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental.
- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Estimular a creatividade na realización dos procesos.
- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os factores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...), fundamentalmente a través da administración electrónica.
- Mellora na modernización dos servizos prestados nos portos.
- Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.

Dentro da liña estratéxica de I+D+i, actuarase en:

- Avanzar nunha mellora substancial da xestión do sistema portuario, coa xeración de coñecemento e crear un clima favorable para a innovación en materias vinculadas á economía, loxística, enxeñería e outras actividades relacionadas cos portos.

- Desenvolver accións que permitan fomentar as actividades didáctico-culturais e de innovación mediante medios propios da Consellería do Mar, achegando o coñecemento á propia actividade dos portos.

Como consecuencia destes eixes búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, que permita desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se xenera unha relativa especialización dos mesmos, axeitándoos á rede xeral do sistema de transporte.

1.1.2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

De acordo co establecido no Plan Estratéxico para Galicia 2010-2014, e dentro do Programa Gasto 513A- CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA, se desenvolve un Programa denominado E.OE03.M13.- Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia.

Concretando dalgún xeito este obxectivo xeral e continuando a xestión de 2010, Portos de Galicia considera que deben de manterse os obxetivos xerais definidos que marcaron posteriormente os diferentes criterios para a realización dos investimentos portuarios.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO OBXECTIVO XERAL	CRITERIO DE ORDENACIÓN (ART. 1 DA ORDE DO 18 DE MAIO, INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DA C.A.)
A	Reforzar ás políticas que melloren ás infraestruturas produtivas.	a) Adopción de medidas dinamizadoras da economía fronte á crise.
B	Fomentar políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.	a) Adopción de medidas dinamizadoras da economía fronte á crise. d) Mellora da eficiencia pública a través da racionalización do gasto e as medidas de austeridade.
C	Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na sociedade da información e do coñecemento.	b) Impulsar a competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada de todo os sectores de Galicia.
D	Impulsar as políticas que melloren a protección do ambiente así como aquelas que faciliten un desenvolvemento territorial equilibrado.	a) Adopción de medidas dinamizadoras da economía fronte á crise.
E	Aumentar o grao de eficacia e eficiencia do gasto público.	d) Mellora da eficiencia pública a través da racionalización do gasto e as medidas de austeridade.

I.1.3. OBXECTIVOS OPERATIVOS

Como resultado do obxectivo estratéxico definido no Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, xurden os seguintes obxectivos operativos:

OBXECTIVOS OPERATIVOS				
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO OBXETIVO OPERATIVO	INDICADOR	CUANTIFICACIÓN	PROGRAMA DE TRANSFERENCIA QUE O FINANCIA
A005	Mellora e ampliación de instalacións de abrigo e condicións xerais de acceso aos portos.	* Investimento total en infraestruturas e instalacións de acceso.	7.000.000.-€	1
A007	Ordenación interior dos portos (instalacións e actividades) baixo o modelo de compatibilización dos diferentes usos: pesqueiro, náutico-recreativo, pasaxe,...	* Relación de metros cadrados segundo usos portuarios.	2.000 m2.	2,3,4,5
A008	Plan de mellora dos equipamentos portuarios: Diversificación de tecido produtivo, desenvolvementos de infraestruturas, mellora de equipamentos e servizos básicos.	* Número de infraestruturas. * Número de equipamentos.	7/ano 10/ano	2,3,6,8,9
A001	Cohesionar as comunidades portuarias, e desenvolvemento das relacións portocidade.	* Número de actuacións realizadas nos portos con incidencia de núcleos de poboación colindantes.	7/ano	4,7,8
A010	Potenciar Galicia como referente dos tráfico de cruceiros e o desenvolvemento dos tráfico de pasaxe entre os seus portos autonómicos.	* Número de escalas de cruceiros anuais.	150/ano	7,8

I.1.4. EXPLICACIÓN DOS OBXECTIVOS

A correlación entre cada un dos obxectivos é a seguinte:

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	ACCIÓN	OBXECTIVO OPERATIVO
A.- Reforzar as políticas que melloren as infraestruturas productivas.	AA.- Mellora das condicións xerais das infraestruturas para o desenvolvemento de operacións e actividades portuarias. AB.- Mellora das condicións de desenvolvemento das actividades portuarias comerciais e de transporte marítimo. AC.- Ofrecer solo industrial e loxístico ós operadores portuarios ó redor dos portos e fóra da zona de servizo.	A005 A007 A008

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	ACCIÓNS	OBXECTIVO OPERATIVO
B.- Fomentar políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.	BA.- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das actividades pesqueiras e de acuicultura.	A007
C.- Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na sociedade da información e do coñecemento.	CA.- Implantación de novas tecnoloxías e I+D+i.	A008
D.- Impulsar as políticas que melloren a protección do ambiente así como aquelas que faciliten un desenvolvemento territorial equilibrado.	DA.- Incremento do atractivo do litoral galego e relacións porto - cidade. DB.- Desenvolvemento da náutica recreativa galega. DC.- Desenvolvemento sostible das instalacións e actividades portuarias.	A001 A007 A007
E.- Aumentar o grao de eficacia e eficiencia do gasto público.	EA.- Mellora e mantemento integral das instalacións portuarias. EB.- Mellora da xestión organizativa e da seguridade das actividades e servizos portuarios.	A008 A001,A010

1.1.5. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

O programa de investimentos de acordo cos obxectivos a acadar vai encamiñado a través das seguintes liñas:

1.- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas para o transporte de mercadorías e pasaxeiros:

Actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercadorías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novos traficos e desenvolvemento do transporte intermodal. Deste xeito pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e á potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.

2.- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias relacionadas co sector pesqueiro, marisqueiro e de acuicultura:

Actuacións encamiñadas no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercancías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras.

3.- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das operacións e actividades portuarias:

Están destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres. Entre estas últimas inclúense as de almacenaxe, loxística e distribución, reparación.... Iso redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e cuns mellores ren-

dementos levando a un maior desenvolvemento do entorno próximo e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.

4.- Incremento do atractivo do litoral galego:

Para poder potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e deste xeito desenvolver a industria auxiliar correspondente, impulsando as relacións porto-ciudad e incrementando a cohesión nas rexións marítimas e os seus núcleos de poboación.

5.- Mellora da calidade medio ambiental das instalacións portuarias:

Actuacións para a implantación nos portos das infraestructuras, equipamentos e procedementos precisos para unha xestión medioambiental eficaz, partindo da experiencia realizada no porto da Pobra do Caramiñal onde se implantou o sistema EMAS de xestión medio ambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE.

6.- Mellora e modernización dos servizos xerais dos portos:

Para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecementos de auga, saneamento, subministro de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, se persigue a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse a desenvolver iniciativas en diferentes portos para a ampliación, mellora e modernización das redes de servizos así como o desenvolvemento dun Plan de Sistemas que potencie as TIC do Ente para o servizo dos clientes e usuarios dos portos.

7.- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos e mellora da seguridade:

Desta maneira inténtase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como nas superficies portuarias, favorecendo os tráxicos de pasaxeiros no cumprimento das normas internacionais de seguridade e prevención de riscos.

8.- Mellora da xestión organizativa do porto:

Para poder conseguir o incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información. Para elo é fundamental a aplicación do Plan de Sistemas a través da administración electrónica.

9.- A investigación en materia portuaria e marítima da implantación de novas tecnoloxías para o coñecemento e a información:

Está encamiñada ao estudo do clima marítimo, medicións do comportamento do medio mariño (ondas, correntes,) e complementábase coa instalación de equipamento do medio mariño necesario para o seu control e para o coñecemento de factores que inciden no deseño das infraestruturas coa implantación de novas tecnoloxías de control da información. Neste aspecto, realizaranse investimentos de prototipos para o desenvolvemento de enerxías renovables, a mellora das redes de servizos portuarios e o equipamento tecnolóxico que permita o procesamento de datos técnicos, climáticos e medioambientais nos portos e que se complementará coa xa existente nos portos de Interese Xeral galegos.

As actuacións incluídas no Plan de Investimentos (ficha EP.09A) se resumen nos seguintes programas de actuación:

ACTUACIÓNS				
CÓDIGO	ACTUACIÓN	IMPORTE	(1)	(2)
1	Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas.	1.833.065		
2	Mellora e modern. activad. portuarias sector pesqueiro.	3.956.642		
3	Mellora das condicións xerais de desenv. das activ. portuarias.	5.693.447		
4	Incremento do atractivo do litoral galego.	4.489.698		
5	Mellora da calidade medioambiental nas instal. port.	90.000		
6	Mellora e modern. dos servizos xerais dos portos.	1.587.296		
7	Ordenación xeral das zonas de servizo e mellora da segur.	237.304		
8	Mellora da xestión organizativa do porto.	365.000		
9	Investig. en mat. portuaria/implantación de novas tecnoloxías	500.000		
TOTAL		18.752.451		

I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

INGRESOS:

Na elaboración da previsión dos ingresos correntes para o exercicio 2011, tívose en conta non só as previsións feitas para o exercicio 2010 senón tamén os resultados reais do exercicio 2009, xa que a facturación ao peche do ano 2009 superou case nun 10% as previsións realizadas, así como as estimacións de peche do exercicio 2010 das que se espera unha execución próxima ao 100%, e tamén recóllese nas previsións os efectos da nova proposta de modificación da Lei 6/2003 de Taxas que inclúe modificacións a baixa. Polo tanto, para o cálculo das previsións do exercicio 2011 é preciso ter en conta ditos valores para corrixir as diferenzas acumuladas.

Vendas e Prestación de servizos:

Dentro deste importe atópanse os ingresos de natureza pública, correspondentes as liquidacións das taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario. Istes ingresos intégranse dentro do patrimonio do Ente Público Portos de Galicia. Os importes previstos para os ingresos desta natureza, xunto con “outros ingresos de explotación”, son os seguintes:

CONCEPTO	PREVISIÓN 2011
1.1 Actividade comercial	2.565.000 €
1.2 Actividade pesqueira	4.150.000 €
1.3 Actividade deportiva e de lecer	2.250.000 €
1.4 Servizos e subministrados diversos	2.590.300 €
1.5 ACIS Actividades comerciais e industriais	1.150.000 €
1.6 Dominio público (Cánones concesións)	2.000.000 €
TOTAL INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS	14.705.300 €

1.1.- Polo que se refire á actividade comercial e de mercadorías, ás Tarifas XI, X-2 na entrada e atraque dos buques mercantes da cordo cos datos estatísticos véñse observando unha lixeira recuperación sobre todo nos portos de Ribadeo, Cee e Cariño. A pesares do anterior, estímase que a facturación real do 2010 para estas tarifas quedará lixeiramente por debaixo das previsións iniciais debido á baixada na contía destas taxas, ás bonificacións realizadas así como ó tipo de mercantes que descargaron nos nosos portos. Por todo elo é polo que se considera que vaia descender a súa facturación ó redor do 3,5% e 24% respectivamente en relación ás previsións orzamentarias iniciais do ano anterior.

En canto á previsión de facturación das mercadorías, Tarifa X-3, espérase un importante crecemento respecto das previsións do ano 2010, da cordo coa tendencia de crecemento marcada polos datos de carga e descarga de mercadorías no último ano, polo que se estima un incremento na facturación próximo ao 43%.

1.2.- En canto á actividade pesqueira, a evolución da tarifa X-4 neste ano 2010 indícanos que o valor das vendas en lonxa está aumentando con respecto ao ano 2009, polo que de seguir así, e a pesar da baixada da contía nun 12,5%, espérase unha facturación similar á prevista no ano anterior, incluso cun lixeiro crecemento.

1.3.- Polo que respecta á Tarifa X-5 tráfico deportivo e de lecer, para o ano 2011 espérase acadar as mesmas cifras que as presupostadas no ano anterior. No cálculo tívose en conta os efectos da posta en marcha de distintas instalacións náuticas, e tamén os axustes feitos pola rebaixa dun 5% na contía básica desta taxa.

1.4.- En canto aos servizos e subministrados diversos, facturados nas tarifas específicas, estímase na E-2 Almacens, edificios e locais, unha baixada na facturación que se sitúa no 3,7%.

No que se refire a E-3 de subministros, as previsións indican un importante crecemento que se sitúa no 27,5%, debido aun maior control na xestión dos subministros de auga e electricidade.

1.5.- Polo que se refire á tarifa CIS de Actividades Comerciais, Industriais e de servizos, as previsións indican un importante incremento ó redor do 56% respecto ao orzamento aprobado para o ano 2010, debido por unha banda, á modificación á alza das contías a aplicar nesta taxa, que se recollen na próxima Lei de Orzamentos, e pola outra, faise unha importante revisión e actualización das concesións e autorizacións de dominio público.

1.6.- En canto á facturación da TODP, Taxa de Ocupación do dominio público portuario, e a pesar de que se prevé unha lixeira caída para este ano 2010, estímase un incremento do 6,4% para o exercicio 2011, debido ao outorgamento das novas concesións e autorizacións en fase de tramitación con entrada en funcionamento para o vindeiro ano 2011.

Outros ingresos da explotación.

Outros ingresos da xestión ordinaria: Recolle este concepto as previsións orzamentarias correspondentes os ingresos tributarios polas taxas administrativas (4%) de dirección de obras que, dada a caída dos investimentos aos que se vincula a súa execución, estímase unha cifra próxima aos 600.000 €, o que representa un forte caída de case o 30%. Por último, espérase liquidar polo concepto de outros ingresos de xestión corrente, que inclúe ingresos diversos e financeiros, a cifra de 70.000 €, aproximadamente mantense nas mesmas cifras que no ano anterior..

Con estas hipótese de ingresos estímase que a previsión de facturación pola prestación de servizos portuarios para o vindeiro ano 2011 é de 14.705.300 €, que xunto cos 670.000 € correspondentes a "Outros ingresos da xestión ordinaria", acadaríase a cifra total de 15.375.300 €, o que supón un incremento do 5,3% en relación co orzamento aprobado para o ano 2010.

En canto aos ingresos da rúbrica de Transferencias e Subvencións que recolle a parte das subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio, así como a parte dos ingresos a distribuír dos bens adscritos, estímase un incremento do 15%, calculado a partir das cifras de peche do exercicio 2009.

GASTOS

O importe total deste epígrafe ascende á cifra de 28.497.024 € que se reparte nos seguintes capítulos:

Gastos de persoal

Para a elaboración do orzamento correspondente a este capítulo seguíronse as instrucións da Dirección Xeral de Orzamentos, recollendo tamén a redución das retribucións do persoal ata acadar unha diminución do 5% da masa salarial. Non obstante a comparativa co orzamento aprobado no ano 2010 reflicte unha redución unicamente do 3%, debido ao custo que supón o devengo polo perfeccionamento da antigüidade cuio valor acada os 443.850,18 €. A dotación económica para o vindeiro 2011 desta partida ascende a cifra de 5.087.976,09€ que dá cobertura ós custos salariais para unha plantilla de 133 traballadores, das que 16 prazas están dotadas pero non cubertas, inclúe ademais os gastos de formación, acción social, que se manteñen nas mesmas cifras que no ano anterior, así como o crédito destinado exclusivamente á substitución de persoal, ou a contratacións por acumulación de tarefas.

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2009	124	-3%	4.503.781,99	3%	36.320,82	6%
ESTIMADO	2010	125	1%	4.587.132,00	2%	36.697,06	1%
PREVISIÓN	2011	133	6%	5.087.976,09	11%	38.255,46	4%
	2012	133	0%	5.087.976,09	0%	38.255,46	0%
	2013	133	0%	5.087.976,09	0%	38.255,46	0%

Dotacións para amortizacións do inmovilizado:

Asúmese como cifra para o ano 2011 a rexistrada contablemente ao peche do exercicio 2009 recollida nas contas anuais, e que acadan a cifra de 14.990.250 €.

Outros gastos de xestión (Servizos Exteriores):

As cifras previstas para este capítulo presentan un crecemento do 10,4% respecto do orzamento inicial aprobado para o ano 2010. Por partidas destacamos as variacións seguintes:

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
(20)	ARRENDAMENTOS	249.975,72	286.434,29	189.371,92	189.371,92	189.371,92
(21)	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	2.213.005,18	1.701.570,86	1.771.324,84	1.771.324,84	1.771.324,84
(22)	MATERIAL, SUBMINISTROS E OUTROS SERVICIOS	5.552.171,97	6.010.105,58	6.378.099,15	6.378.099,15	6.378.099,15

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
(23)	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO	58.769,58	68.068,11	70.000,00	70.000,00	70.000,00
TOTAL		8.073.922,45	8.066.178,84	8.408.795,91	8.408.795,91	8.408.795,91

Estímase unha redución na partida de arrendamentos do 29% respecto do orzamento inicial do 2010, como consecuencia da nova xestión de alugueres.

Incrementábase nun 14,2% o crédito destiñado a partida de Reparacións e Conservación das instalacións portuarias, da cordo co recollido no Plan de Conservación e Mantedemento das instalacións portuarias.

A partida de material, subministros e outros, incrementábase nun 11,3%, debido fundamentalmente ao incremento dos subministros, contratación do seguro de responsabilidade civil, o incremento derivado do novo contrato do servizo de limpeza nos portos asinado no presente 2010, e tamén a contratación de novos servizos informáticos derivados da posta en marcha do Plan de Sistemas Informático.

RESULTADOS

De acordo co anteriormente exposto, e tendo en conta a contabilización dos ingresos a distribuír dos bens adscritos, o resultado previsto da conta de perdas e ganancias será de equilibrio ou igual a cero, sen embargo, obtense un resultado antes de amortizacións dun superavit de 1.868.528 €, importe este equivalente á dotación para amortización dos bens propios do Ente Público.

1.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

ESTADO DE APLICACIÓNS:

Adquisicións de inmovilizado:

O capítulo de Investimentos reais comprende os gastos a realizar directamente por Portos de Galicia en infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos.

O orzamento de inversións previsto no PAIF para a anualidade 2011 acada a cifra de 18.752.451 € o que representa unha baixada do 37,8% sobre o orzamento inicial aprobado para o ano 2010.

No referente ao soporte da dotación dos créditos incluídos neste capítulo hai que

destacar os seguintes:

- Os investimentos da anualidade do 2011 do Marco Comunitario de Apoio (MCA), cun montante total de 6.232.601 €. Estes investimentos están financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e cofinanciados polo Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), previsto no novo marco 2007-2013, e crecen nun 15,4%.

- Outros investimentos a realizar no ano 2010 financiados polo FCI libre que acadan a cifra de 151.322 €, o que representa unha baixada do 98,2%.

- As actuacións que Portos de Galicia ten programadas con cargo á subvencións fixada pola Comunidade Autónoma (FCA), que se reduce nun 48,3% quedando unha previsión para o ano 2011 de 4.000.000 €.

- As actuacións programadas con cargo ós fondos propios de Portos de Galicia acada este ano a cifra total de 8.368.528 €, nos que se contempla a cifra de 1.600.000 € para a realización de estudos e proxectos, a cantidade de 900.000 € para adquisición de terreos destinados á creación das ZAL (Zonas de actividades loxísticas), destínase tamén a cifra de 1.400.000 € para a realización de obras menores de dotación de servizos nos portos, é por último inclúese crédito por importe de 500.000 € para a adquisición dunha embarcación tipo Goleta de carga tipo S.Cibrao do século XIX destinada a buque escola e colaboración para estudos científicos no mar.

- Por último destínase a cifra de 695.000 € para a adquisición maquinaria e instalacións, equipos para procesos de información e diverso material de moblaxe, para a execución da primeira fase do Plan de Sistemas Informáticos.

○ importe dos recursos que se prevén obter mediante transferencias de capital ascenden a 10.383.923 €, distribuídos como se explica no estado de orixes ou recursos. Sen embargo, o importe das adquisicións de inmovilizado acadan a cifra total de 18.752.451 €, financiándose a diferenza, é dicir, 8.368.528 € con recursos propios do exercicio corrente (1.868.528 €), así como de remanentes de tesourería ou diminución do capital circulante (6.500.000 €).

○ reparto do orzamento de capital para o ano 2011 de acordo coa súa natureza económica é o seguinte:

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
ADQUISICIÓN DE TERREOS			900.000		
CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓN PORTUARIAS	36.515.668	31.517.513	16.657.451	11.152.451	11.152.451

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO NON FINANCIERO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
MAQUINARIA, INSTALACIÓN E UTILLAXE			300.000		
ELEMENTOS DE TRANSPORTE					
MOBLAXE E EQUIPAMENTO	236.270	121.895	90.000		
EQUIPOS PROCESO DE INFORMACIÓN	23.650	200.963	100.000		
OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL		571.000	505.000		
OUTRO INMOBILIZADO INMATERIAL	78.148	70.548	200.000	200.001	200.002
TOTAL	36.853.737	32.481.918	18.752.451	11.352.452	11.352.453

A meirande parte das actuacións que se recollen no PAIF, atópanse vencelladas ao Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014.

ESTADO DE ORIXES:

Os recursos previstos para o exercicio 2011 acadan a cifra total de 18.752.451 € e agrúpanse baixo dous grandes apartados: os recursos propios xerados polas operacións da actividade de Portos de Galicia e que configuran o grao de autonomía financeira dispoñible; e os recursos alleos, que son ingresos materializados en transferencias de capital destinados a financiar os investimentos en grandes infraestruturas, procedentes do programa operativo FEDER GALICIA 2007-2013, do FCI (Fondos de Compensación Interterritorial do Estado), e da subvención global fixada pola Comunidade Autónoma de Galicia (FCA).

Recursos Propios

FONDO	ORZAMENTO 2011
Recursos procedentes das operacións	1.868.528 €
Remanentes de Tesourería (Var. Fondo Manobra)	6.500.000 €
Total Fondos Propios	8.368.528 €

Transferencias e Subvencións de capital

Este capítulo recolle o conxunto das subvencións e transferencias que recibe o Ente para financiar os gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, sitúase para o ano 2011 na cifra de 10.383.923 €, cantidade que se reduce en case o 51,5% respecto do orzamento aprobado para o ano 2010.

As transferencias de capital recollidas no proxecto de orzamentos para o ano 2011

teñen a seguinte procedencia:

FONDO	ORZAMENTO 2011
FEDER	4.192.879 €
F.C.I. (Cofinanciado)	2.039.722 €
TOTAL M.C.A.	6.232.601 €
F.C.I. (Libre)	151.322 €
F.C.A. (Fondos Comunidade Autónoma)	4.000.000 €
TOTAL INGRESOS POR TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10.383.923 €

SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO	14.506.086	14.351.865	2.191.044	2.191.044	2.199.044
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	9.889.599	5.230.032	4.000.000	4.000.000	4.000.000
DA UNIÓN EUROPEA	10.197.732	5.766.444	4.192.879	4.192.879	4.192.879
OUTROS	600.000				
TOTAL	35.193.418	25.348.341	10.383.923	10.383.923	10.383.923

As transferencias procedentes do FEDER financian actuacións integradas no Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, e teñen como obxectivo intermedio completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial e encádranse dentro dos seguintes eixos prioritarios:

- Eixe 4: Transporte e enerxía; Tipo de gasto 30: Portos. Ampliación e mellora da infraestrutura portuaria, prestando especial atención á calidade ambiental das instalacións e as operacións portuarias. A cifra prevista para este tipo de gasto acada os 2.209.234,00 €, cunha taxa de financiamento do 65% (Feder) e 35% (Fci). Inclúense actuacións cuxo obxectivo e o de mellorar a operatividade da rede de portos da Comunidade Autónoma, ampliáranse e mellorarán as instalacións para o transporte marítimo, prestando especial atención á calidade ambiental das instalacións e as operacións portuarias.

- Eixe 5: Desenvolvemento sostible local e urbano; Tipo de gasto 56: Protección e desenvolvemento do patrimonio natural. A dotación prevista acada a cifra de 1.983.645,00 €, cunha taxa de financiamento do 70% (Feder) e 30% (Fci) para realizar actuacións dirixidas no ámbito da promoción e difusión de instalacións e servizos portuarios para a navegación deportiva e de lecer.

O resto de transferencias, vía F.C.I, e Fondos da Comunidade Autónoma destinaranse a realización de infraestruturas portuarias recollidas no PAIF, a través dos seus programas de actuación para a consecución dos obxectivos fixados, que acadan entre ámbalas dúas a cifra total de 4.151.322 €.

As transferencias de capital recíbense vía o programa 50.01.513A.740.0 da Consellería do Mar.

Resumo do estado de orixes:

